



Concello de  
Oleiros

## **INFORME SOBRE A VALORACIÓN DOS SOBRES N° 1 DAS EMPRESAS ADMITIDAS Á LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)”**

### **ANTECEDENTES:**

Con data 13 de abril do 2021 tivo lugar a apertura dos arquivos ou sobreos electrónicos nº 1, subtitulados 'Referencias técnicas' das ofertas presentadas polas empresas admitidas á licitación da obra denominada "Ampliación e mellora do Parque Infantil da Praza da Liberdade (Nós)". Remitidos ao Departamento de Obras Públicas, o Arquitecto Técnico Municipal que asina o presente,

### **INFORMA:**

Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo X do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación, e dentro destes estudarase especialmente o seguinte:

#### **▪ Programa de traballos:**

As empresas deberán presentar un programa de trabalho que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo.

Deberá incluir:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Análise específica dos condicionantes externos á obra que poidan influír na execución e planificación dos traballos, así como as medidas propostas para causa-lo menor prexuízo posible á boa marcha das obras e para xerar os menores problemas posibles aos cidadáns (mobilidade, accesibilidade, afeccións a terceiros, afeccións ambientais, ...). Esta análise deberá abranguer polo menos os puntos seguintes:

- Incidencias das obras, ou nestas, polo tráfico de vehículos e persoas pola zona afectada polas obras, especialmente en zonas e épocas de maior afluencia de persoas e actividades municipais. Deberase describir espacial e temporalmente a afección á zona de actuación, a sinalización orientativa provisional, o balizamento requerido, os requisitos normativos, a forma de execución das obras para facilitar o paso de peóns,...achechando os planos e esquemas necesarios para a súa mellor comprensión.
- Calidade do equipo asignado para a execución da obra e dos materiais de execución, incluíndo unha descripción dos equipos, tanto humanos como materiais, que a empresa se compromete a destinar para a realización da obra.
- d) Proposta de inspección e mantemento das instalacións, segundo a normativa vixente: valorarase a descripción das actuacións de inspección e mantemento que serían necesarias para o correcto funcionamento das instalacións, segundo a normativa aplicable.

Como norma xeral para a valoración de tódolos apartados, valorarase con maior puntuación aquelas ofertas que especifiquen en maior medida as características mais identificativas da obra, así como as que demostren un maior coñecemento da área de actuación da mesma e das posibles incidencias que poidan xurdir durante o desenvolvemento dos traballos. Tamén valorarase a presentación xeral da oferta no relativo á descripción dos distintos apartados e a súa claridade, así como o seu axuste ás determinacións do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación.



Concello de  
Oleiros

Unha vez revisadas as ofertas presentadas e seguindo os criterios descritos, a puntuación dos sobres nº 1 obtida polos licitadores é a que segue:

EMPRESA	VALORACIÓN OFERTA TÉCNICA
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	6,00
JARDINERÍA ARCE, S.L.	24,50

A oferta de **Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.** considérase moi xenérica e insuficiente no seu conxunto. Non inclúe información sobre varios dos aspectos especificados no PCAP.

A memoria explicativa dos traballos redactouse de forma moi básica e xenérica, con pouca particularización aos traballos proxectados.

A oferta pode considerarse desordenada no seu conxunto, non adaptándose á estrutura, ordenación e criterios establecidos no Prego, mesturando información entre diferentes apartados e superando incluso o límite de páxinas.

Presenta un programa de traballos totalmente xenérico e sen soporte en canto a cálculo de rendementos ou composición dos equipos básicos de traballo.

A análise dos condicionantes externos efectuouse de modo moi xenérico e sen adaptación á obra. Non se aprecia coñecemento da zona de actuación nin das instalacións deportivas ou culturais anexas á mesma, dado que non se menciona a súa afección.

A oferta de **Jardinería Arce, S.L.** apréciase que é moi completa en tódolos puntos a avaliar, demostrando un grande coñecemento da zona de actuación e un estudo detallado dos traballos a realizar.

Preséntase unha memoria que describe correctamente a forma e a orde de execución dos procesos construtivos a levar a cabo. Defínese a procedencia dos xogos e dos principais materiais a empregar na obra, e fai unha análise moi detallada e adecuada dos condicionantes externos que puideran verse afectados na realización dos traballos. O programa de traballos proposto é coherente e cun desenrollo adecuado.

No referente á proposta de mantemento dos parques, é moi adaptada ás actuacións a realizar no parque, así como a normativa mencionada.

En definitiva, e segundo a especificación descrita no Anexo X do PCAP que rexe na presente licitación, excluiranse as empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados nesta primeira fase, polo que, dos dous licitadores presentados, supera dito umbral mínimo, Jardinería Arce, S.L., propoñéndose á Mesa de Contratación que o licitador Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L. quede excluído da segunda fase do proceso selectivo.

O que se informa aos efectos oportunos.

Oleiros, a 21 de abril de 2021

O Arquitecto Técnico Municipal,

Asdo.: José Luis Jares Vázquez